

Asunto: Petición formal de regulación do teletraballo e de dotación de medios e recursos dixitais para o profesorado galego.

D. JULIO TRASHORRAS DE LA FUENTE, CON D.N.I. núm. 3333525Q, con domicilio a efectos de notificacións en Rúa San Roque 94-98, C.P 27002 LUGO, actuando na súa calidade de Vicepresidente Autonómico de ANPE Galicia

EXPOÑO:

1.- Que durante o pasado curso escolar 2019-2020 e debido á paralización das actividades lectivas presenciais nos centros educativos galegos o profesorado tivo que realizar as súas tarefas de teledocencia sen ningún tipo de formación por parte da Administración, aportando os seus propios medios e recursos persoais e sen ningún tipo de regulación específica do teletraballo docente en canto a horarios, xornadas de traballo, etc o que supuxo que moitos e moitas docentes tivesen que realizar o seu traballo sen horario definido de remate nin de fin.

2.- Que a situación do curso actual 2020-2021 aínda que deu comezo na súa modalidade presencial non garante que se poidan dar situacións en que ou ben todo o profesorado (no escenario máis desfavorable) como parte del (no caso de peches puntuais de aulas por motivos de corentenas) deban realizar o seu traballo desde os seus propios domicilios.

3.- Que é obriga da Consellería que vostede xestiona regular as condicións de traballo e a xornada laboral e horarios do profesorado galego na súa modalidade non presencial para evitar as situacións producidas no traballo. Debe haber unha normativa específica que regule o teletraballo e a Consellería debe dotar de medios materiais e conexión a internet ao profesorado que se vexa obrigado a desenvolver as súas tarefas de xeito non presencial tal e como establece a normativa en materia laboral.

SOLICITO:

Que se inicie o proceso de regulación normativa do teletraballo do colectivo docente da nosa Comunidade Autónoma así como de dotación de medios e recursos materiais (ordenador, tablet ou outro dispositivo) e conexión a internet para o profesorado que, por mor das circunstancias excepcionais, teña que desenvolver as súas tarefas de xeito non presencial.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2020.



Asdo.: JULIO TRASHORRAS DE LA FUENTE.
VICEPRESIDENTE ANPE GALICIA.

**ILMO. SR. CONSELLEIRO DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE.
Edificio Administrativo San Caetano S/N Santiago de Compostela. A Coruña**